

ACTA DE REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL “GREEN CAMPUS” FEE

Día: 15/09/121.

Lugar: Salón de Graos FEE.

Hora inicio: 17.47.

Orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Aprobación da Declaración Ambiental da Facultade.
3. Aprobación do informe-memoria Green Campus da Facultade.
4. Aprobación da solicitude de Bandeira Verde.
5. Rolda aberta de intervencións.

ASISTENTES

Susana Iglesias	José López
América Álvarez	Noelia Salido
Amalia Blanco	Dolores Lagoa
Seda Nikoghosyan	José María Losada
Natalia Afonso	Carlota Balsa
Amalia Blanco	Iván López
Benito Pérez	Estefanía Mourelle
Emilia García	Manuel Gómez (Decano FEE)
Laura Varela	Manuel Soto (director OMA)
María Jesús Rodríguez	Delegado ADEAC
de Llano, Fernando	

Excusan asistencia: Paulino Montes, M^a Teresa García, Fernando Bruna, Ángeles Longarela, María José Parga.

1. Informe dos coordinadores

Iván López, coordinador do Programa Green Campus na Facultade de Economía e Empresa comeza a reunión do Comité Ambiental sinalando que esta da continuación á visita que realizou o avaliador-delegado de ADEAC ás instalacións do centro esta tarde, indicando asimesmo que se atopa presente na reunión.

A continuación, o coordinador realiza unha presentación do percorrido do programa Green Campus no noso centro dende a nosa adhesión ao mesmo. Esta se centra na traxectoria desenvolta nos últimos catro anos, aportando a cronoloxía dos principais fitos, os participantes, a estrutura, etc. Pódese consultar esta presentación no anexo da presente acta.

Igualmente, e como adoitamos facer ao comezo de cada curso, pídese aos membros PDI do Comité que difundan o Programa entre os seus estudantes aproveitando o desenvolvemento das clases; esta forma de captación resulta máis directa que outras. De feito, de forma recente temos unha nova incorporación dunha estudante, que se atopa presente na reunión, polo cal se aproveita para darlle a benvida.

Por último, Estefanía Mourelle pide aos integrantes do Comité dos que non temos recollidas sinaturas na correspondente folla (a efectos de evidenciar a súa incorporación ao Comité), que o fagan no presente acto, para o cal pon a disposición os correspondentes documentos. Aclárase

que por mor da crise sanitaria COVID-19, as novas incorporacións producidas no curso 2020/2021 non se puideron plasmar como habitualmente se viña facendo debido ás restriccións sanitarias e ao desenvolvemento das reunións do Comité de forma online. As incorporacións do curso 2021/2022 xa se poden plasmar coa sinatura manual na reunión.

2. Aprobación da Declaración Ambiental da Facultade

Iván López presenta o documento da Declaración Ambiental do centro e que se anexa a este acta. O coordinador fai expreso o seu agradecemento a Paulino Montes, membro do Comité Ambiental que neste momento se atopa de estadia, pola súa axuda no deseño gráfico do documento. O Comité Ambiental non fixo comentarios a este documento dende o seu envío xunto coa convocatoria da reunión.

Tras a súa presentación, o documento sométese a aprobación. Apróbase por asentimento.

3. Aprobación do informe-memoria Green Campus da Facultade

Iván López presenta o Informe-Memoria Green Campus do centro e que se anexa a este acta. O coordinador matiza que este documento pode sufrir alteracións en base aos comentarios que poidamos recibir por parte de ADEAC. O Comité Ambiental non fixo comentarios a este documento dende o seu envío xunto coa convocatoria da reunión.

Tras a súa presentación, o documento sométese a aprobación. Apróbase por asentimento.

4. Aprobación da solicitude de Bandeira Verde

O Comité Ambiental fixo algún comentario a este documento dende o seu envío xunto coa convocatoria da reunión, así como o director da OMA, presente na reunión, os cais foron incorporados na última versión.

Tras a súa presentación, o documento sométese a aprobación. Apróbase por asentimento.

5. Rolda aberta de intervencións

Intervén Manuel Soto para indicar que resulta pertinente e debemos permitir que o delegado de ADEAC realice preguntas, se así o considera. Asimesmo, aproveitando a presenza de Amalia Blanco, exvicerreitora de economía, relata o apoio prestado cando se asinou o convenio da UDC con ADEAC en 2014 e en adiante.

Segundo a proposta de Manuel Soto, o delegado de ADEAC procede a realizar unha serie de preguntas. A primeira delas fai alusión á organización dos equipos (se traballan de forma autónoma, como se coordinan, etc.), á cal Iván López resposta con que poden ser os propios equipos os que falen. Neste sentido o fai Amalia Blanco, resaltando que traballaron de forma autónoma, con supervisión dos coordinadores, e seguindo os obxectivos que estimaban pertinentes dentro do marco xeral de desenvolvemento do programa. Iván López confirma o dito por Amalia, resaltando que a maior parte das accións levadas a cabo foron propostas e desenvoltas polos equipos.

A segunda pregunta versa sobre a participación dos estudantes no Comité Ambiental, en particular se sempre están presentes nos equipos. Iván López e Estefanía Mourelle indican que todos os equipos contan cun estudante ou PAS, como mínimo, e que nestes momentos todos os equipos contan cun estudante.

A terceira pregunta diríxese aos estudantes presentes na reunión, en relación a cómo chegaron a coñecer o Green Campus, como perciben que se está a difundir e se resulta visible. Respostan as dúas alumnas, unha que se uniu en terceiro curso e outra en cuarto. As dúas se uniron grazas a que o profesor dunha materia lles falou do programa na clase, o cal confirma que a vía directa de captación adoita ser máis efectiva. Comenta unha das estudantes, Seda Nikoghosyan, que co tempo percibiu máis visibilidade do Programa e que era máis coñecido entre os estudantes. Tamén se lles pregunta se accederon ao Programa por interese na temática e se lle vían utilidade de aplicación no seu futuro, recibindo respostas afirmativas.

A seguinte pregunta versou sobre o funcionamento da nosa difusión (dos coordinadores, do centro, etc.) cara os estudantes e se os estudantes que se unen adoitan ser como as presentes na reunión, de últimos cursos. Os coordinadores do Programa indican que a difusión para captación se fai todos os anos por múltiples vías: correos-e, pantallas, web, redes sociais, clases, etc. Igualmente, coméntase que os estudantes non son sempre dos últimos anos, pois o ano pasado se uniu unha estudante de segundo curso e Benito López indica que no seu equipo de traballo tiveron unha estudante tamén deste curso. É certo que en primeiro curso non se soen unir, pese a que Estefanía Mourelle recalca que se lles fan presentación nas Xornadas de Acollida e por outras vías. O Decano da Facultade intervén indicando que este ano de xeito virtual sí se presentou o Programa aos novos estudantes. Tamén valora moi positivamente a implicación dos estudantes no Green Campus, dado que no noso centro existe pouca implicación destes nos órganos colexiados e outras comisións.

Outra pregunta dirixida aos estudantes é cando lles ven mellor participar, en termos de calendario, e se as actividades que realizan se adaptan ás épocas de máis ou menos estudos. Seda resposta que os momentos nos que se atopan máis libres son a comezo de cuadrimestre, tanto en setembro-outubro como en febreiro, sendo a época final e de exames a máis complicada. Porén, colaboran co programa Green Campus todo o ano. Iván López indica que as accións que se levan a cabo non teñen en conta o calendario académico porque adoitan ter un calendario que non outorga flexibilidade. En todo caso sinala que por exemplo a propia estudante, Seda, propuxo unha acción para o plan, sobre a cal pregunta o delegado e a estudante indica que trataba sobre formas de captación de estudantes, e que tamén propuxo outras que non se puideron desenvolver, das cales os coordinadores dan fe.

Seguidamente o delegado efectúa unha pregunta concreta que pode responder o equipo 1, de Auga e Enerxía. Pregúntase sobre a ausencia de pegatinas que indican o nivel de caudal de auga nos grifos (colócanse nos espellos) nalgúns baños do centro. América Álvarez indica que non se puxeron pola modificación que supuxo a crise sanitaria e que supuxo invertir máis tempo no lavado de mans.

Por último, o delegado pregunta se existe un apagado automático nocturno e de fin de semana. América Álvarez e o Decano da Facultade indican que sí está operativo ese sistema de apagado cando rematan as aulas. Preguntados polo feito de que, durante a visita, observouse que nunha aula o ordenador estaba encendido, o Decano sinala que debido á crise sanitaria se modificou a forma de iniciar sesión nos ordenadores das aulas e de manipular os diferentes accesorios; por este motivo todo o profesorado recibiu a instrución de non apagar o equipo tras cada clase (e así consta nunha nota en cada mesa da aula). Así tamén se reforza a optimización do recurso, reducindo o custo que supón o feito de encender-apagar de forma continuada.

Hora fin: 19.00.

Asinado: Estefanía Mourelle (actúa como secretaria na reunión)

TEXTO - ENVÍO DE CONVOCATORIA

De: Comité Ambiental da Facultade de Economía e Empresa

Enviado: viernes, 3 de septiembre de 2021 18:23

Para: franpardo8@gmail.com <franpardo8@gmail.com>; yagobf@gmail.com <yagobf@gmail.com>; marta.pastoriza.costas@gmail.com <marta.pastoriza.costas@gmail.com>; Ana Baneira Suárez <ana.baneira.suarez@udc.es>; Laura Carregal Castro <laura.carregal.castro@udc.es>; Alberto Manuel Castedo Pernas <alberto.castedop@udc.es>; amcastedo.pernas@gmail.com <amcastedo.pernas@gmail.com>; Helena Darriba Lindín <helena.darriba@udc.es>; Nuria Fernández Hadi <nuria.fernandezh@udc.es>; dmrp95@hotmail.com <dmrp95@hotmail.com>; Rubén Vázquez Doval <r.doval@udc.es>; giordanoflores@outlook.com.ar <giordanoflores@outlook.com.ar>; Carlota María Balsa Sánchez <carlota.balsa@udc.es>; María Elena Fernández Calvo <elena.fernandezc@udc.es>; Patricio Parada Robles <patricio.parada@udc.es>; María José Parga Massa <maria.parga@udc.es>; María Alló Pazos <maria.allo.pazos@udc.es>; María América Álvarez Domínguez <america.alvarez@udc.es>; Amalia Blanco Louro <amalia.blanco.louro@udc.es>; Fernando De Llano Paz <fernando.de.llano.paz@udc.es>; María Carmen Gago Cortés <m.gago@udc.es>; María Teresa García Álvarez <teresa.galvarez@udc.es>; Emilia Luísa García Arthus <emilia.garcia.arthus@udc.es>; Susana Iglesias Antelo <susana.iglesias.antelo@udc.es>; Eva-María Lado González <eva.lado@udc.es>; María Dolores Lagoa Varela <dolores.lagoa@udc.es>; Ángeles María Longarela Ares <angeles.maria.longarela.ares@udc.es>; José María Losada López <jose.maria.losada@udc.es>; Paulino Montes Solla <paulino.montes.solla@udc.es>; José Benito Pérez López <benito.perez@udc.es>; Gustavo Rego Veiga <gustavo.rego@udc.es>; Noelia Salido Andrés <noelia.sandres@udc.es>; Laura Varela Candamio <laura.varela.candamio@udc.es>; Fernando Pedro Bruna Quintas <f.bruna@udc.es>; Iria Vázquez Pillado <iria.vazquez.pillado@udc.es>; Irina Puerto Alvarez <irina.puerto@udc.es>; Laura Otero Lombán <laura.otero2@udc.es>; Natalia Moura Fariña <natalia.moura.farina@udc.es>; Seda Nikoghosyan Tumanyan <seda.nikoghosyan@udc.es>; Brais Campos Canosa <brais.camposc@udc.es>; Iván López Martínez <ivan.lopezm@udc.es>; Óscar Martínez Díaz <oscar.martinez2@udc.es>; Sabela Siaba Casais <sabela.siabac@udc.es>; Jhon Gomez Llanos <jhon.gomezl@udc.es>; Belén Bocija Bennett <belen.bbennett@udc.es>; victor.lama <victor.lama@fogardosantiso.es>; María Jesús Rodríguez Gulías <maria.gulias@udc.es>; José López Rodríguez <jose.lopez.rodriguez@udc.es>; Estefanía Mourelle Espasandín <estefania.mourelle@udc.es>

Asunto: Reunión Comité Ambiental FEE - Visita dos avaliadores ao centro

Estimados membros do Comité Ambiental

Agardamos que disfrutádeses dun descanso estival e que voltedes con folgos.

Mediante o presente correo-e, convocámosvos á reunión do Comité Ambiental do Green Campus da FEE que terá lugar o **mércores 15 de setembro ás 17.45 no Salón de Graos da FEE**, coa seguinte orde do día:

1. Informe dos coordinadores.

2. Aprobación da Declaración Ambiental da Facultade (*).
3. Aprobación do informe-memoria Green Campus da Facultade (*).
4. Aprobación da solicitude de Bandeira Verde (*).
5. Rolda aberta de intervencións.

(*) Documentación anexa ao presente correo.

Se tedes calquer comentario sobre os documentos que achegamos, facédeo chegar a esta dirección de correo electrónico a ser posible antes do día previsto para a reunión.

Esta reunión posúe especial transcendencia, pois formará parte da visita que os avaliadores do programa Green Campus realizarán ao centro o día 15 de setembro; estes avaliadores estarán, ademais, presentes na reunión do Comité Ambiental. Como xa sabedes, esta é unha das últimas etapas do programa (neste primeiro ciclo), e na que se solicitará a concesión da Bandeira Verde.

Por este motivo, instamos a que asista o máximo número posible de membros, tanto PDI, como PAS, estudantes e outros colaboradores; cando menos, debería asistir unha persoa por equipo de traballo, para así poder, de ser preciso, dar respostas máis concretas ás cuestións que se poidan derivar. Nesta reunión darase visibilidade ao que se foi levando a cabo na Facultade no eido da sustentabilidade ao longo dos últimos anos, ademais de ser o momento para compartir a experiencia e facer as achegas pertinentes.

Agardamos a túa asistencia.

Recibe un cordial saúdo.

Os coordinadores GC-FEE
Iván López
Estefanía Mourelle

Programa Green Campus da FEE